

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Número 38 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación das instrucións sobre criterios aplicables en materia de cabida, ocupación e capacidade de evacuación de establecementos públicos.

Destinatario

15078DCMG11I00T:
²15078DCMG11I00T:W»
²15078DCMG11I00T:W»

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 30 de decembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 38 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á APROBACIÓN DAS INSTRUCIÓN S SOBRE CRITERIOS APLICABLES EN MATERIA DE CABIDA, OCUPACIÓN E CAPACIDADE DE EVACUACIÓN DE ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS.

38 A) Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 27 de decembro de 2016. Figura no expediente informe do arquitecto municipal, de data 19.12.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

- "Limiar

O artigo 111 do PXOM de Santiago de Compostela contén a "Regulación do uso salas de reunión e espectáculos" que se cinxe a dispoñer que as condicións aplicables serán as do uso comercial (artigo 109 do propio PXOM) e as establecidas no Rd 2816/1982, do 27 de agosto (Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas -en diante, RPEP), no Decreto da Xunta de Galicia 292/2004, do 18 de novembro (Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, modificado polo Decreto da Xunta de Galicia 160/2005, do 2 de xuño, -en diante, o Catálogo) e na Ordenanza municipal de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

O Catálogo declarou inaplicable en Galicia o RPEP en canto ao seu anexo e, por outra parte, unha boa parte da normativa deste último foi derogada polo Código Técnico da Edificación (Rd 314/2006, do 17 de marzo), singularmente no tocante á determinación da cabida ou aforo dos establecementos polo DB SI (Documento básico de seguridade en caso de incendio), sección SI 3 "Evacuación de ocupantes".

Finalmente, as disposicións que contén a Lei 9/2014, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (en diante, LECG), referentes aos espectáculos públicos e as actividades recreativas (artigos 39 a 46) son de carácter xenérico sen que ata o de agora se cumprise a previsión do seu artigo 39.3 (que dispón que mediante lei do Parlamento de Galicia establecerase o réxime xurídico tocante á organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas).

Pola súa parte, o Decreto da Xunta de Galicia 144/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (en diante, RIAE), que entrou en vigor o pasado 29.11.2016, ten por obxecto - artigo 1.1- establecer o réxime xurídico e o procedemento de intervención administrativa aplicables ao exercicio de actividades económicas e á apertura de establecementos destinados a estas, e á organización e desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas en cumprimento da Disposición derradeira sexta da LECG. O artigo 4º do RIAE ordena que os concellos aprobarán unha ordenanza única que estableza a regulación integrada do exercicio das actividades e a apertura dos establecementos incluídos no ámbito de aplicación deste regulamento e a Disposición derradeira primeira fixa un prazo de nove meses (que se computa desde o 9.11.2016) para aprobar esa ordenanza.

Sen prexuízo do que poida resultar da Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas anunciada no artigo 39.3 da LECG e da ordenanza municipal que prevé o RIAE, o certo é que a determinación da cabida ou aforo desa clase de establecementos é susceptible de orixinar discrepancias de interpretación entre os servizos municipais polo que, de conformidade co artigo 74 do RIAE (denominado "Instrucións técnicas de aplicación"), pode instarse de oficio a elaboración dun criterio interpretativo a través dunha instrución no marco da normativa básica do procedemento administrativo común, que será aplicable mentres non se regule sobre a cuestión.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Nese contexto, a proposta segue, con carácter orientativo, as solucións adoptadas pola Instrución que sobre esta materia ditou por decreto do 30.01.2014 o delegado da área de goberno, de seguridade e de emerxencias do Concello de Madrid (publicada no BOAM nº 7.100, do 5.02.2014).

Consonte o exposto, de conformidade coas conclusións ás que se chegou na mesa cos representantes do sector e á vista do informe do arquitecto municipal do 19 de decembro de 2016 e das suxestións dos directores de área, propóñolle á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte

Instrución sobre criterios aplicables en materia de cabida, ocupación e capacidade de evacuación de establecementos públicos

1. Ámbito de aplicación

Esta instrución aplícase aos locais, recintos e establecementos pechados e cubertos enumerados no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

2. Definicións

Para os efectos desta instrución enténdese por:

2.1. Cabida ou aforo: o número máximo de persoas autorizadas pola Administración para permanecer dentro dun local, recinto ou establecemento durante o desenvolvemento da actividade autorizada no título habilitante municipal.

No caso de que o local, recinto ou establecemento se estructure en varios andares, salas ou zonas claramente diferenciadas, a cabida total será a suma das cabidas autorizadas en cada unha das partes.

2.2. Ocupación: o número de persoas que pode conter un local, recinto ou establecemento en función da súa superficie útil e da actividade ou uso que nel se desenvolva.

A ocupación calcúlase cos parámetros establecidos na táboa 2.1 do DB SI 3 (Documento Básico de Seguridade en caso de Incendio, sección 3, relativa á evacuación de ocupantes), aplicadas á superficie útil de cada zona ou por unidade de elemento (por exemplo, por unidade de asento, máquina recreativa, etc.), agás cando sexa previsible unha

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

ocupación maior ou cando sexa exigible unha ocupación menor en aplicación dalgunha disposición legal.

2.3. Zonas de uso público: son as zonas destinadas a ser utilizadas polo público en xeral, é dicir, nas áreas nas que se desenvolve a actividade propia do local, recinto ou establecemento e implica a presenza de persoas que non son ocupantes habituais ou non están familiarizados co local, recinto ou establecemento.

Quedan fóra destas zonas os espazos restrinxidos ao público como o interior de barras, cociñas, oficios, almacéns, camerinos, vestiarios, cuartos de instalacións, etc.

2.4. Zonas de espectadores: son as zonas de uso público nas que as persoas ocupantes teñen unha condición distinta do público xeral por asistir, visualizar ou atender a un espectáculo.

As definicións de ocupación, zonas de uso público e zonas de espectadores son conceptos de deseño do local, recinto ou establecemento. No caso de que existisen discrepancias entre o autor do proxecto e o técnico municipal, cumprirá solicitarlle informe ao órgano municipal competente en materia de prevención de incendios.

2.5. Cabida ou aforo de risco: é o número de persoas equivalente á capacidade de evacuación do establecemento calculada consonte as disposicións da Sección 3 do DB SI (Documento Básico de Seguridade en caso de Incendio). A cabida e risco debe especificarse no título habilitante correspondente.

A superación da cabida de risco determinará a existencia de grave risco para a seguridade de persoas ou bens.

2.6. Solución alternativa: é a solución que difire total ou parcialmente das establecidas nos documentos básicos do CTE. É admisible como substitución das referencias dos documentos básicos se as prestacións alcanzadas para xustificar o cumprimento das esixencias básicas son, polo menos, equivalentes ás que se obterían coa aplicación dos documentos básicos, conforme ao disposto no artigo 5.1.3.b) do CTE.

3. Disposicións xerais

3.1. A cabida autorizada non pode ser maior que a capacidade de evacuación, calculada esta de conformidade cos criterios do CTE.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

3.2. A ocupación non pode ser maior que a cabida autorizada.

3.3. Os parámetros para calcular a ocupación, en función da localización das persoas e do uso do local, recinto ou establecemento serán os seguintes:

a) Zonas de uso público en posición "sentado"

a.1) 1 persoa/asento cando dispoñan de asento individual, en locais, recintos ou establecementos como bares, café-bares, cafeterías, restaurantes, casinos, salas de bingo e salas de xogos. Para o seu cómputo é preciso identificar o número e situación dos asentos no proxecto, aínda que se trate de asentos móbiles.

As mesas e os asentos móbiles non deben dificultar a evacuación do establecemento nin ubicarse excesivamente próximos ás saídas. Na zona de mesas con expedición de comidas non se utilizará unha densidade maior de 1 persoa/1,00 m² se non se inclúe un estudo do paso libre realmente dispoñible para a evacuación entre mesas ou entre cadeiras de diferentes mesas, incluíndo o espazo do ocupante.

a.2) 1 persoa/0,50 m² cando non dispoñan de asento individual.

b) Zonas de uso público en posición "de pé"

b.1) 1 persoa/0,50 m² en locais, recintos ou establecementos como pubs, cafés-teatro, cafés-concerto, cafés-cantante, taboados flamencos e zonas de barra en bares, cafeterías e restaurantes.

b.2) 1 persoa/0,33 m² nos locais, recintos ou establecementos sinalados no apartado anterior nos que concurran todas e cada unha das seguintes circunstancias:

1º) Non exista mobiliario que poida provocar atrancos ou prendementos coa roupa.

2º) A zona de público estea na planta baixa e esta constitúa a planta de saída de edificio.

3º) As saídas comuniquen directamente co espazo exterior seguro.

c) Zonas de espectadores en posición "sentado": aplícase o apartado 3.3.a) da presente instrución.

d) Zonas de espectadores en posición "de pé": 1 persoa/0,25 m².

e) Salas multiusos: independentemente da posición, 1 persoa/0,50 m².

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

De acordo co DB SI do CTE, nos locais, recintos ou establecementos nos que existan zonas con densidades de ocupación distintas non será preciso que estean delimitadas fisicamente mediante paredes e portas, varandas ou calquera outro sistema de separación senón que se poden diferenciar unhas doutras mediante liñas nun plano, tendo en conta que dita diferenciación de zonas compromete ao titular da actividade no relativo á utilización que faga do espazo en cuestión xa que a SI 3-2 e a súa táboa 2.1 refírese a "zonas".

Asemade e de acordo co DB SI do CTE, coa finalidade de evitar a diferenciación de zonas nunha planta, recinto ou sector e para que o titular da actividade non estea suxeito a ela, pódeseles asignar a todas as zonas a máxima densidade de ocupación recomendada de 1 persoa/0,33 m² para as zonas de uso público en posición "de pé" nas mesmas condicións do apartado 3.3.b.2) e 1 persoa/0,50 m² en caso contrario, e proxectar o número, situación e capacidade de evacuación conforme á devandita hipótese.

3.4. Nos locais, recintos ou establecementos que teñan limitada a súa cabida por normas distintas do CTE, esta determinarase pola normativa especial que lle corresponda sempre que a súa capacidade de evacuación sexa igual ou maior á cabida así determinada.

3.5. Para densidades por riba das indicadas no apartado 3.3 da presente instrución, precísase informe favorable do órgano competente en materia de prevención de incendios. Sen embargo non será necesario ese informe favorable se a densidade media da zona de público en cada planta non excede de 1 persoa/0,50 m² ou non excede de 1 persoa/0,33 m² de se cumpriren ademais, para este último suposto, as condicións mencionadas no apartado 3.3.b.2) da presente instrución.

3.6. A proposta de solucións alternativas ás establecidas nesta instrución, que se elaboren con suxeición ás disposicións do CTE, esixe informe favorable do órgano municipal competente en materia de prevención de incendios.

4. Disposicións para locais, recintos ou establecementos que xa dispoñen de título habilitante municipal

4.1. Poderán fixarse novas cabidas ou aforos conforme aos criterios establecidos no apartado 3 anterior, con suxeición ás seguintes regras:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

a) Será precisa a adaptación do local, recinto ou establecemento aos requisitos de seguridade en caso de incendio esixidos no CTE. Iso significa que se adoptarán polo menos as medidas relacionadas directa ou indirectamente cos medios de evacuación do público (compartimentación de locais de risco que poidan afectar o público, reacción ao lume dos elementos construtivos, decorativos e de mobiliario, e das vías de circulación, compatibilidade e lonxitude dos percorridos de evacuación, dispoñibilidade e alternancia de saídas, dimensionado e protección das escaleiras, sinalización, iluminación de emerxencia, control de fumes, detección e alarma, extinción automática, condicións das portas, escaleiras e ramplas, etc.), ou outras solucións alternativas que permitan alcanzar unha prestación equivalente, tendo en conta as características propias do edificio en que se sitúa o local, recinto ou establecemento en cuestión, así como os antecedentes urbanísticos existentes (título habilitante).

b) Non será precisa a adaptación do local, recinto ou establecemento ás condicións de seguridade en caso de incendio esixidas no CTE cando se cumpran todos os requisitos seguintes:

b.1) A cabida non supere 100 persoas e a porta considerada como medio de evacuación abra cara ao exterior; ou a cabida non supere 50 persoas aínda que a porta antedita abra cara ao interior.

b.2) A densidade de ocupación resultante non supere 1 persoa/0,33 m² en zona de público de pé e 1 persoa/1 m² en zona de público sentado.

b.3) A ocupación sexa unicamente na planta baixa que constitúe planta de saída de edificio.

b.4) Desde calquera lugar onde se poida ubicar o público non se precise percorrer máis de 25 m ata chegar a unha saída a espazo exterior seguro.

b.5) A porta de saída sexa abatible de eixo vertical, teña un largo mínimo de 0,80 m con folla comprendida entre 0,60 m e 1,23 m, e o sistema de apertura durante o funcionamento da actividade non precise utilizar chave nin actuar sobre máis dun mecanismo.

4.2. Se se efectúan outras modificacións ou obras que excedan das esixidas no apartado 4.1.a), será aplicable o CTE de conformidade co ámbito de aplicación deste último.

4.3. Cando a cabida do local, recinto ou establecemento, nas licenzas concedidas antes de aprobación desta instrución, estea dentro das comprendidas nun tipo que non fose o que lle correspondese actualmente conforme á clasificación vixente, poderá

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

ser ampliada ata o límite do tipo que agora lle resulte aplicable, sempre que se cumpran as condicións sinaladas nos apartados 3, 4.1 e 4.2 da presente instrución.

Se no título habilitante non se consignou cabida, esta calcularase conforme a esta instrución, con aplicación, se é o caso, do previsto no parágrafo anterior.

5. Tramitación

5.1. As modificacións de cabida ou aforo pódense tramitar mediante comunicación previa, agás nos casos previstos no artigo 41.2 da LECG, é dicir, dos locais con cabida superior a 500 persoas e das actividades cuxa normativa específica exige expresamente a obtención de licenza para o seu exercicio. Nestes últimos casos, se a ampliación de cabida non require adaptación por se cumpriren todos os requisitos indicados no apartado 4.1.b) desta instrución, o proxecto de obra e actividade pode ser substituído por un documento técnico explicativo da actividade que detalle os seus aspectos básicos en relación coas instalacións do establecemento.

5.2. Se conxuntamente coa modificación de cabida se solicitase a realización de obras que precisen proxecto técnico de edificación, cumprirá tramitar a solicitude como de licenza (artigo 142.2.a de a Lei 2/2016, do solo de Galicia, en relación co artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación).

5.3. Os incrementos de cabida derivados da ampliación da zona de uso público tramitaranse como comunicación previa ou como solicitude de licenza en función do previsto nos apartados precedentes.

Para os efectos da aplicación desta instrución non se considera necesario solicitar un novo título habilitante municipal nin a modificación do preexistente, cando a ampliación de superficie do establecemento non se destine ao público senón á mellorar as condicións de seguridade ou a adaptación ás condicións da licenza.

5.4. O informe do órgano municipal competente en materia de prevención de incendios, conforme ao disposto nesta instrución, solicitarase previamente á resolución do expediente do correspondente título habilitante municipal.

6. Locais existentes en zonas declaradas como saturadas

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Os criterios establecidos nos parágrafos anteriores serán aplicables aos locais existentes en zonas declaradas saturadas que xa dispoñan de título habilitante municipal, nos que se poderá modificar a cabida na mesma forma que nos demais supostos, sempre que para iso non sexa preciso executar obras que signifiquen aumento de superficie do establecemento.

7. Cambios de titularidade de títulos habilitantes do exercicio da actividade

No caso de cambios de titularidade de títulos habilitantes que, consonte a normativa legal, só están suxeitos a comunicación previa, non será necesario realizar inspección ningunha con carácter previo á continuación da actividade, sen prexuízo das potestades permanentes que con relación a esa materia lle corresponden ao Concello."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Aprobar a Instrución sobre criterios aplicables en materia de cabida, ocupación e capacidade de evacuación de establecementos públicos:

1. Ámbito de aplicación

Esta instrución aplícase aos locais, recintos e establecementos pechados e cubertos enumerados no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

2. Definicións

Para os efectos desta instrución enténdese por:

2.1. Cabida ou aforo: o número máximo de persoas autorizadas pola Administración para permanecer dentro dun local, recinto

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

ou establecemento durante o desenvolvemento da actividade autorizada no título habilitante municipal.

No caso de que o local, recinto ou establecemento se estructure en varios andares, salas ou zonas claramente diferenciadas, a cabida total será a suma das cabidas autorizadas en cada unha das partes.

2.2. Ocupación: o número de persoas que pode conter un local, recinto ou establecemento en función da súa superficie útil e da actividade ou uso que nel se desenvolva.

A ocupación calcúlase cos parámetros establecidos na táboa 2.1 do DB SI 3 (Documento Básico de Seguridade en caso de Incendio, sección 3, relativa á evacuación de ocupantes), aplicadas á superficie útil de cada zona ou por unidade de elemento (por exemplo, por unidade de asento, máquina recreativa, etc.), agás cando sexa previsible unha ocupación maior ou cando sexa exixible unha ocupación menor en aplicación dalgunha disposición legal.

2.3. Zonas de uso público: son as zonas destinadas a ser utilizadas polo público en xeral, é dicir, nas áreas nas que se desenvolve a actividade propia do local, recinto ou establecemento e implica a presenza de persoas que non son ocupantes habituais ou non están familiarizados co local, recinto ou establecemento.

Quedan fóra destas zonas os espazos restrinxidos ao público como o interior de barras, cociñas, oficios, almacéns, camerinos, vestiarios, cuartos de instalacións, etc.

2.4. Zonas de espectadores: son as zonas de uso público nas que as persoas ocupantes teñen unha condición distinta do público xeral por asistir, visualizar ou atender a un espectáculo.

As definicións de ocupación, zonas de uso público e zonas de espectadores son conceptos de deseño do local, recinto ou establecemento. No caso de que existisen discrepancias entre o autor do proxecto e o técnico municipal, cumprirá solicitarlle informe ao órgano municipal competente en materia de prevención de incendios.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

2.5. Cabida ou aforo de risco: é o número de persoas equivalente á capacidade de evacuación do establecemento calculada consonte as disposicións da Sección 3 do DB SI (Documento Básico de Seguridade en caso de Incendio). A cabida e risco debe especificarse no título habilitante correspondente.

A superación da cabida de risco determinará a existencia de grave risco para a seguridade de persoas ou bens.

2.6. Solución alternativa: é a solución que difire total ou parcialmente das establecidas nos documentos básicos do CTE. É admisible como substitución das referencias dos documentos básicos se as prestacións alcanzadas para xustificar o cumprimento das esixencias básicas son, polo menos, equivalentes ás que se obterían coa aplicación dos documentos básicos, conforme ao disposto no artigo 5.1.3.b) do CTE.

3. Disposicións xerais

3.1. A cabida autorizada non pode ser maior que a capacidade de evacuación, calculada esta de conformidade cos criterios do CTE.

3.2. A ocupación non pode ser maior que a cabida autorizada.

3.3. Os parámetros para calcular a ocupación, en función da localización das persoas e do uso do local, recinto ou establecemento serán os seguintes:

a) Zonas de uso público en posición "sentado"

a.1) 1 persoa/asento cando dispoñan de asento individual, en locais, recintos ou establecementos como bares, café-bares, cafeterías, restaurantes, casinos, salas de bingo e salas de xogos. Para o seu cómputo é preciso identificar o número e situación dos asentos no proxecto, aínda que se trate de asentos móbiles.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

As mesas e os asentos móbiles non deben dificultar a evacuación do establecemento nin ubicarse excesivamente próximos ás saídas. Na zona de mesas con expedición de comidas non se utilizará unha densidade maior de 1 persoa/1,00 m² se non se inclúe un estudo do paso libre realmente dispoñible para a evacuación entre mesas ou entre cadeiras de diferentes mesas, incluíndo o espazo do ocupante.

a.2) 1 persoa/0,50 m² cando non dispoñan de asento individual.

b) Zonas de uso público en posición "de pé"

b.1) 1 persoa/0,50 m² en locais, recintos ou establecementos como pubs, cafés-teatro, cafés-concerto, cafés-cantante, taboados flamencos e zonas de barra en bares, cafeterías e restaurantes.

b.2) 1 persoa/0,33 m² nos locais, recintos ou establecementos sinalados no apartado anterior nos que concurran todas e cada unha das seguintes circunstancias:

1º) Non exista mobiliario que poida provocar atrancos ou prendementos coa roupa.

2º) A zona de público estea na planta baixa e esta constitúa a planta de saída de edificio.

3º) As saídas comuniquen directamente co espazo exterior seguro.

c) Zonas de espectadores en posición "sentado": aplícase o apartado 3.3.a) da presente instrución.

d) Zonas de espectadores en posición "de pé": 1 persoa/0,25 m².

e) Salas multiusos: independentemente da posición, 1 persoa/0,50 m².

De acordo co DB SI do CTE, nos locais, recintos ou establecementos nos que existan zonas con densidades de ocupación distintas non será preciso que estean delimitadas fisicamente mediante paredes e portas, varandas ou calquera

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

outro sistema de separación senón que se poden diferenciar unhas doutras mediante liñas nun plano, tendo en conta que dita diferenciación de zonas compromete ao titular da actividade no relativo á utilización que faga do espazo en cuestión xa que a SI 3-2 e a súa táboa 2.1 refírese a "zonas".

Asemade e de acordo co DB SI do CTE, coa finalidade de evitar a diferenciación de zonas nunha planta, recinto ou sector e para que o titular da actividade non estea suxeito a ela, pódese asignar a todas as zonas a máxima densidade de ocupación recomendada de 1 persoa/0,33 m² para as zonas de uso público en posición "de pé" nas mesmas condicións do apartado 3.3.b.2) e 1 persoa/0,50 m² en caso contrario, e proxectar o número, situación e capacidade de evacuación conforme á devandita hipótese.

3.4. Nos locais, recintos ou establecementos que teñan limitada a súa cabida por normas distintas do CTE, esta determinarase pola normativa especial que lle corresponda sempre que a súa capacidade de evacuación sexa igual ou maior á cabida así determinada.

3.5. Para densidades por riba das indicadas no apartado 3.3 da presente instrución, precísase informe favorable do órgano competente en materia de prevención de incendios.

Sen embargo non será necesario ese informe favorable se a densidade media da zona de público en cada planta non excede de 1 persoa/0,50 m² ou non excede de 1 persoa/0,33 m² de se cumpriren ademais, para este último suposto, as condicións mencionadas no apartado 3.3.b.2) da presente instrución.

3.6. A proposta de solucións alternativas ás establecidas nesta instrución, que se elaboren con suxeición ás disposicións do CTE, esixe informe favorable do órgano municipal competente en materia de prevención de incendios.

4. Disposicións para locais, recintos ou establecementos que xa dispoñen de título habilitante municipal

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

4.1. Poderán fixarse novas cabidas ou aforos conforme aos criterios establecidos no apartado 3 anterior, con suxeición ás seguintes regras:

a) Será precisa a adaptación do local, recinto ou establecemento aos requisitos de seguridade en caso de incendio esixidos no CTE.

Iso significa que se adoptarán polo menos as medidas relacionadas directa ou indirectamente cos medios de evacuación do público (compartimentación de locais de risco que poidan afectar o público, reacción ao lume dos elementos construtivos, decorativos e de mobiliario, e das vías de circulación, compatibilidade e lonxitude dos percorridos de evacuación, dispoñibilidade e alternancia de saídas, dimensionado e protección das escaleiras, sinalización, iluminación de emerxencia, control de fumes, detección e alarma, extinción automática, condicións das portas, escaleiras e ramplas, etc.), ou outras solucións alternativas que permitan alcanzar unha prestación equivalente, tendo en conta as características propias do edificio en que se sitúa o local, recinto ou establecemento en cuestión, así como os antecedentes urbanísticos existentes (título habilitante).

b) Non será precisa a adaptación do local, recinto ou establecemento ás condicións de seguridade en caso de incendio esixidas no CTE cando se cumpran todos os requisitos seguintes:

b.1) A cabida non supere 100 persoas e a porta considerada como medio de evacuación abra cara ao exterior; ou a cabida non supere 50 persoas aínda que a porta antedita abra cara ao interior.

b.2) A densidade de ocupación resultante non supere 1 persoa/0,33 m² en zona de público de pé e 1 persoa/1 m² en zona de público sentado.

b.3) A ocupación sexa unicamente na planta baixa que constitúe planta de saída de edificio.

b.4) Desde calquera lugar onde se poida ubicar o público non se precise percorrer máis de 25 m ata chegar a unha saída a espazo exterior seguro.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

b.5) A porta de saída sexa abatible de eixo vertical, teña un largo mínimo de 0,80 m con folla comprendida entre 0,60 m e 1,23 m, e o sistema de apertura durante o funcionamento da actividade non precise utilizar chave nin actuar sobre máis dun mecanismo.

4.2. Se se efectúan outras modificacións ou obras que excedan das esixidas no apartado 4.1.a), será aplicable o CTE de conformidade co ámbito de aplicación deste último.

4.3. Cando a cabida do local, recinto ou establecemento, nas licenzas concedidas antes de aprobación desta instrución, estea dentro das comprendidas nun tipo que non fose o que lle correspondese actualmente conforme á clasificación vixente, poderá ser ampliada ata o límite do tipo que agora lle resulte aplicable, sempre que se cumpran as condicións sinaladas nos apartados 3, 4.1 e 4.2 da presente instrución.

Se no título habilitante non se consignou cabida, esta calcularase conforme a esta instrución, con aplicación, se é o caso, do previsto no parágrafo anterior.

5. Tramitación

5.1. As modificacións de cabida ou aforo pódense tramitar mediante comunicación previa, agás nos casos previstos no artigo 41.2 da LECG, é dicir, dos locais con cabida superior a 500 persoas e das actividades cuxa normativa específica exige expresamente a obtención de licenza para o seu exercicio. Nestes últimos casos, se a ampliación de cabida non require adaptación por se cumpriren todos os requisitos indicados no apartado 4.1.b) desta instrución, o proxecto de obra e actividade pode ser substituído por un documento técnico explicativo da actividade que detalle os seus aspectos básicos en relación coas instalacións do establecemento.

5.2. Se conxuntamente coa modificación de cabida se solicitase a realización de obras que precisen proxecto técnico de edificación, cumprirá tramitar a solicitude como de licenza (artigo 142.2.a de a Lei 2/2016, do solo de Galicia, en

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

relación co artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

5.3. Os incrementos de cabida derivados da ampliación da zona de uso público tramitaranse como comunicación previa ou como solicitude de licenza en función do previsto nos apartados precedentes.

Para os efectos da aplicación desta instrución non se considera necesario solicitar un novo título habilitante municipal nin a modificación do preexistente, cando a ampliación de superficie do establecemento non se destine ao público senón á mellorar as condicións de seguridade ou a adaptación ás condicións da licenza.

5.4. O informe do órgano municipal competente en materia de prevención de incendios, conforme ao disposto nesta instrución, solicitarase previamente á resolución do expediente do correspondente título habilitante municipal.

6. Locais existentes en zonas declaradas como saturadas

Os criterios establecidos nos parágrafos anteriores serán aplicables aos locais existentes en zonas declaradas saturadas que xa dispoñan de título habilitante municipal, nos que se poderá modificar a cabida na mesma forma que nos demais supostos, sempre que para iso non sexa preciso executar obras que signifiquen aumento de superficie do establecemento.

7. Cambios de titularidade de títulos habilitantes do exercicio da actividade

No caso de cambios de titularidade de títulos habilitantes que, consonte a normativa legal, só están suxeitos a comunicación previa, non será necesario realizar inspección ningunha con carácter previo á continuación da actividade, sen prexuízo das potestades permanentes que con relación a esa materia lle corresponden ao Concello.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

38 B) Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, rubricada polo director da Asesoría Xurídica, de data 28 de decembro de 2016, do seguinte teor literal:

- "Limiar

Como é sabido, a normativa reguladora das actividades económicas mudou radicalmente ao longo dos últimos anos no contexto dun proceso de liberalización e de substitución dos instrumentos administrativos tradicionais de control público (autorizacións e licenzas) por outros menos restritivos (esencialmente, as comunicacións previas), fenómeno especialmente intenso no ámbito das corporacións locais.

Sen afondar agora nos detalles dese proceso e por cinxirnos ao que aquí interesa, a Lei do Parlamento de Galicia 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (en diante, LECG), dedica o seu título III á "Regulación integrada do exercicio de actividades", cuxo capítulo I denomínase "Supresión da licenza municipal de actividade e réxime de comunicación previa", cuestión da que se ocupan en concreto os artigos 23 e 24.

Estas normas establecen a regra xeral de que con carácter previo ao inicio dunha actividade económica (sexa profesional, empresarial, industrial e comercial) ou da apertura dun establecemento só será preciso realizar unha comunicación previa (sen prexuízo de que, se iso implica a execución de obras que precisen proxecto técnico, sexa necesario obter para estas a correspondente licenza urbanística).

O capítulo III dese mesmo título denomínase "Espectáculos públicos e actividades recreativas", que é o agora relevante xa que nesos conceptos inclúense os servizos e actuacións de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogos e, en xeral, os que teñen por finalidade o lecer e a diversión das persoas. O artigo 39.3 dispón que mediante lei do Parlamento de Galicia se establecerá o réxime xurídico tocante á organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, norma que polo de agora non se aprobou e do que se presentou un último anteproxecto á FEGAMP en abril de 2016.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Os espectáculos públicos son un tipo de actividades que están suxeitas ao réxime xeral da comunicación previa non sendo en determinados casos en que, por razóns de seguridade e saúde públicas, de conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico, se exixa a licenza urbanística (en esencia, establecementos ou espectáculos cunha capacidade superior a 500 persoas ou cunha especial situación de risco, terrazas ao aire libre ou na vía pública, espectáculos e actividades extraordinarias e as que requiran escenarios e estruturas móbiles,... e aqueles cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización).

A Disposición final sexta.1 da LECG, de habilitación normativa, autoriza ao Consello da Xunta de Galicia a ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario da lei e sinala que, no prazo de seis meses, a Xunta de Galicia aprobará un regulamento único que estableza o réxime xurídico e o procedemento de intervención administrativa das actividades obxecto dela. Esta previsión cumpriuse a través do Decreto da Xunta de Galicia 144/2012, do 22 de setembro (en diante, RIAE), que se publicou no DOG nº 213, do 9.11.2016 e acaba de entrar en vigor o pasado 29.11.2016

Todo o anterior repercutiu, por unha banda, na normativa legal sobre as licenzas urbanísticas (de feito, a LECG modificaba as disposicións da vella LOUG sobre esa materia) e, en concreto, na normativa municipal reguladora da tramitación das licenzas e comunicacións previas (ordenanza cuxo texto se actualizou por acordo plenario do 27.03.2015, publicado no Boletín oficial da provincia da Coruña do 16.06.2015 e que agora é obrigado actualizar no prazo de nove meses por imperativo da Disposición derradeira primeira do RIAE).

Pero, por outra banda, o novo réxime da intervención administrativa nas actividades económicas tamén repercute na normativa autonómica previa sobre a materia -en concreto, o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que segue a falar de autorizacións e licenzas-, razón pola que -como acabamos de ver- a propia LECG prevé no seu artigo 39.1 unha lei específica de réxime xurídico da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, e na súa Disposición final sexta.1 un regulamento único que estableza o réxime xurídico e o procedemento de intervención administrativa de todas as actividades obxecto da Lei.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Finalmente, convén recordar que a recente entrada en vigor o 1º de outubro de 2016 das leis 39/2015 e 40/2015, do 1º de outubro (de procedemento administrativo común e de réxime xurídico do sector público respectivamente), esixen un esforzo complementario de adaptación e actualización da actividade municipal e de información aos cidadáns.

Con estes condicionantes, mentres non se cumpran as previsións sobre a nova regulación axustada aos principios derivados da LECG, e das normas estatais e directivas europeas que a inspiran, é inevitable unha certa inseguridade xurídica e que agromen interpretacións dispares sobre as disposicións aplicables na materia e sobre o seu sentido. En calquera caso, o Concello conserva as potestades de control de cara a garantir, por unha banda, as condicións de seguridade dos establecementos e das actividades ás que se refire e, pola outra, de que se cumpran as normas sobre protección contra a contaminación acústica.

Para concluír, débese ter en conta que a administración municipal debe servir con obxectividade os intereses xerais e actuar con suxeición á lei e ao dereito (principios de legalidade) así como que, nas súas relacións, debe respectar, entre outros, os principios de servizo efectivo aos cidadáns, simplicidade, claridade e proximidade ás persoas, participación, obxectividade e transparencia, boa fe e confianza lexítima.

Neste marco contextual, co obxectivo de mellorar a racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e a seguridade xurídica des empresas do sector e dos cidadáns en xeral, de conformidade coas conclusións ás que se chegou na mesa cos representantes do sector da hostelería, oídos os directores de área, propóñolle á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte

Instrucción sobre criterios aplicables en materia de medidas cautelares de peche, iniciación de procedementos sancionadores, tipificación de infraccións e determinación de sancións con relación a establecementos públicos e actividades de lecer

1. Sobre a adopción das medidas cautelares de peche

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que, cando se estea a desenvolver unha actividade sen a autorización ou título que a lexitime ou sen se axustar ás condicións deles, o

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Concello dispoñerá a súa suspensión inmediata. A adopción de medidas cautelares (entre elas, a de peche) tamén se prevé nos artigos 28 e 56 da LECG cando concurran circunstancias de urxencia ou gravidade ou para evitar a produción de prexuízos.

A ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais tamén prevé no seu artigo 74 a posibilidade de medidas cautelares para evitar danos graves e precisa que, con carácter xeral, se adoptarán trala audiencia da persoa interesada por un prazo de cinco días, agás nos casos que esixan unha actuación inmediata.

Adoptarase como criterio xeral que as medidas cautelares de peche se adopten trala audiencia das persoas interesadas ás que se lles concederá un prazo de cinco días hábiles para alegacións, período no que ademais terán a oportunidade de emendar ou corrixir as causas que dan lugar á iniciación do procedemento no que se pode adoptar a medida cautelar.

Non será aplicable ese criterio xeral nos casos de establecementos ou actividades sen licenza ou título habilitante e cando concurran motivos de urxencia ou gravidade que razoablemente conleven a necesidade de adoptar a medida cautelar sen demoras.

Cando se careza de licenza ou título habilitante, se o establecemento ou actividade depende dunha comunicación previa, a presentación desta última lexitimará a apertura baixo responsabilidade do seu promotor e sen prexuízo da posterior inspección municipal.

Por outra parte, o Concello daralles prioridade na tramitación e inspección aos establecementos e actividades con relacións aos que se poida presumir razoablemente que están en situación de risco de peche ou doutra medida coercitiva gravosa. Esa prioridade ten por finalidade facilitar que se resolva a problemática que suscitan, de xeito que se poida resolver sobre a reapertura ou levantamento da medida cautelar no prazo máis curto posible.

2. Sobre a iniciación de procedementos sancionadores

O criterio xeral de actuación será o de procurar a resolución dos problemas que susciten os establecementos ou actividades a través e no marco de expedientes de reposición da legalidade urbanística,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

dándolles prioridade a estes sobre os procedementos de carácter sancionador. Noutras palabras, priorízase a legalización dos establecementos e das actividades fronte á sanción.

Iso significará que só se tramitarán procedementos sancionadores cando non sexa posible resolver as anomalías ou irregularidades detectadas no seo dun expediente de reposición da legalidade ou cando o titular do establecemento incurra en reiteración ou persista en condutas ilegais a pesares das advertencias municipais, ou cando non restaure a legalidade alterada no expediente que se lle tramitou para ese efecto.

3. Sobre a tipificación de infraccións e determinación de sancións

A contía das multas que prevé a LECG é, polo xeral, considerable. Posiblemente esa circunstancia derive da despenalización de determinadas condutas que anteriormente estaban tipificadas como faltas no Código penal e que pasaron á condición de infraccións administrativas. Ademais os abanos das contías dalgunhas sancións económicas son moi amplos (de ata 570.000 €).

O feito de que esa lei fixe como un dos criterios determinantes para clasificar unha infracción como moi grave ou grave a concorrencia ou non de "un risco grave para as persoas ou os bens" (artigo 52.1, 3, 5 e 6 da LECG) suscita unha problemática singular. Estamos perante un concepto xurídico indeterminado cuxa concorrencia se debe analizar con rigor en cada caso pola relevancia da distinta clasificación da infracción para os efectos sancionadores (faltas moi graves, multa de 30.050,62 € a 601.012,21 € e clausura de local, suspensión da actividade ou retirada da autorización ata 3 anos; e falta graves, multa de 300,52 € a 30.050,61 €, e clausura de local, suspensión da actividade ou retirada da autorización ata 1 ano).

A utilización dun concepto xurídico indeterminado, como sinalou o Tribunal Constitucional (véxase por todas, STS 69/1989, do 20 de abril), non vulnera o principio de tipicidade aínda que introduce unha certa marxe de indeterminación na descrición da infracción administrativa. En concreto, di aquela sentenza:

"Non vulnera a esixencia da lex certa que incorpora o artigo 25.1 da CE a regulación deses supostos ilícitos mediante conceptos xurídicos indeterminados, sempre que a súa concreción sexa razoablemente factible en virtude de criterios lóxicos, técnicos ou de experiencia

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

e permitan prever, por conseguinte, con suficiente seguridade, a natureza e as características esenciais das condutas da infracción tipificada...".

Pero para cualificar un risco desde o punto de vista da súa gravidade, cómpre avaliar conxuntamente a probabilidade de que se produza o dano e maila súa severidade, noutras palabras, é preciso concluír racional e motivadamente que é probable que se chegue a materializar e que sería grave para a integridade das persoas ou dos bens. Como se pode observar trátase dun concepto legal cuxa delimitación permite unha marxe de apreciación por parte da Administración sancionadora, que necesariamente haberá de colaborar na precisión do tipo con suxeición aos criterios interpretativos enunciados na citada STC 69/1989 (criterios lóxicos, técnicos ou de experiencia).

Así e todo, ao se tratar de conceptos xurídicos indeterminados, a distinción entre o risco grave e o risco ordinario que conleva calquera infracción administrativa é na práctica unha cuestión dificultosa polo que:

- a) Débense avaliar todas as circunstancias concorrentes no caso concreto (STS do 27 de febreiro de 1998).
- b) Esas circunstancias que se terán en conta para subsumir os feitos no tipo infractor deberán estar descritas nas actas de infracción ou xustificadas a través das probas practicadas no procedemento.
- c) E esas circunstancias débense avaliar con suxeición a criterios lóxicos, técnicos e de experiencia (STS do 12 de novembro de 2001).

Finalmente, convén recordar que o proceso valorativo que conleva a aplicación do concepto "risco grave para as persoas ou os bens" débese expresar a través dunha motivación (artigo 35.1.h da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público, Lei 39/2015, do 1º de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -en diante, LPAC) que será clara, precisa e suficiente.

No tocante á determinación da sanción de multa, a LECG (artigo 59) refírese a circunstancias como a transcendencia social da infracción, a negligencia ou intencionalidad do infractor, a natureza e magnitude dos danos e perdas ocasionados, a reiteración ou reincidencia, e a situación de predominio e conduta do responsable, circunstancias que coinciden substancialmente coas enumeradas polo artigo 29 da LPAC.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Por outra parte, os artigos 25 a 31 da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público, regulan os principios específicos aos que se debe suxeitar o exercicio da potestade sancionadora por parte das administracións públicas, entre eles, especificamente, o de proporcionalidade (artigo 29) na súa tripla consideración de idoneidade, necesidade e adecuación á gravidade do feito. A adecuación á gravidade do feito (proporcionalidade en sentido estrito) incúmbelle esencialmente á Administración que impón a sanción. Neste ámbito, o ordenamento xurídico establece dúas regras importantes:

- a) que a imposición de sancións non pode resultar máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas; e
- b) que cando o xustifique a adecuación entre a sanción que se deba aplicar coa gravidade do feito constitutivo da infracción e as circunstancias concorrentes, o órgano competente para resolver poderá impoñer a sanción no grao inferior.

En resumo, o Concello ponderará en cada caso e motivadamente, no exercicio da súa potestade sancionadora, o principio de proporcionalidade na elección da sanción ou sancións e na determinación da contía das multas no marco sinalado pola lei e con suxeición aos límites e regras anteditas.

En concreto, convén recordar que a doutrina xurisprudencial (véxase por todas a sentenza do TSJ de Madrid do 9 de xuño de 2010) esixe unha motivación

"...adaptada ás circunstancias particulares do caso, que é a motivación esixida no control xudicial do cumprimento do principio en exercicio da potestade sancionadora, de xeito que se o leixslador establece un conxunto de criterios ou parámetros no proceso de individualización para os efectos de xustificar a adecuación entre gravidade do feito constitutivo e a sanción aplicada, iso require da administración actuante o necesario esforzo explicativo, non de forma xenérica ou abstracta, a xeito de fórmula de estilo, senón en relación ás circunstancias do caso concreto... Debe insistirse en que a obrigação de motivación en materia sancionadora no é algo meramente formal, senón que entronca directamente co exercicio do dereito de defensa de quen, para os efectos do seu exercicio en vía de recurso administrativo o en vía xudicial, ten dereito a coñecer as razóns polas que se lle impuxo unha determinada multa nunha determinada contía e os criterios nos que se baseou para iso a administración."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Neste contexto, considérase conveniente fixar uns criterios xerais e flexibles de determinación das contías das multas aplicables en materia de establecementos públicos e actividades de lecer, tomando como base o principio expresado na STS do 20 de decembro de 1989 de que

"Non parece aceptable, en canto ao rigor da predeterminación, que se poidan realizar concrecións para outorgarlle á Administración marxes de arbitrio superiores aos que se lles conceden aos órganos xudiciais, cando unha e os outros exercen unha función punitiva."

Con esa finalidade, o abano da contía das multas previstas pola normativa dividirase en tres tercios (por exemplo, a multa e 300 a 30.000 € do artigo 58.2.a da LECG: a) o primeiro tercio, de 300 a 10.200 €; b) o segundo tercio, de 10.201 a 20.100 €; e c) o terceiro tercio, de 20.101 a 30.000 €) e, como norma xeral aplicarase a multa dentro do tercio máis baixo sempre que cando os criterios que enumeran os artigos 59 da LECG e 29 da LRSP (a grave trascendencia social da infracción, a grave negligencia ou intencionalidade do infractor, a natureza grave ou a contía dos danos e perdas ocasionados, a reiteración ou reincidencia, a situación de predominio ou a conduta do infractor) non aconsellen motivadamente elevar a contía a calquera dos dous tercios superiores.

Cando a norma aplicable non prevé un mínimo para as multas (por exemplo, a ordenanza reguladora de terrazas e quioscos), tamén se aplicará a anterior regra xeral -multa dentro do tercio máis baixo- coa precisión de que se procurará gardar a coherencia entre a gravidade da infracción e da sanción para evitar que infraccións graves ou moi graves se sancionen con multas máis reducidas que as corresponderían a infraccións leves.

A potestade prevista no artigo 29.4 da LRSP de impoñer a sanción no grao inferior só se exercerá, con carácter excepcional, cando estea notoriamente xustificada para adecuar a sanción á entidade do feito constitutivo da infracción e a unhas singulares circunstancias concorrentes. Para estes efectos enténdese por sanción no grao inferior, a correspondente á infracción inmediata máis leve no seu tercio superior.

Por outro lado, no caso das infraccións graves, como regra xeral, non se aplicarán simultaneamente as sancións de multa e peche do establecemento que prevé o artigo 58 da LECG a non ser quen concurran especiais circunstancias que razoablemente aconsellen a imposición do peche, o que se motivaría especificamente.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

E, finalmente, cando se estea a tramitar unha autorización de ocupación da vía pública para a instalación de terrazas, non se iniciará expediente administrativo sancionador mentres non se resolva sobre a autorización solicitada e só no caso de denegación desta última."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Aprobar a Instrucción sobre criterios aplicables en materia de medidas cautelares de peche, iniciación de procedementos sancionadores, tipificación de infraccións e determinación de sancións con relación a establecementos públicos e actividades de lecer:

1. Sobre a adopción das medidas cautelares de peche

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que, cando se estea a desenvolver unha actividade sen a autorización ou título que a lexitime ou sen se axustar ás condicións deles, o Concello dispoñerá a súa suspensión inmediata. A adopción de medidas cautelares (entre elas, a de peche) tamén se prevé nos artigos 28 e 56 da LECG cando concurren circunstancias de urxencia ou gravidade ou para evitar a produción de prexuízos.

A ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais tamén prevé no seu artigo 74 a posibilidade de medidas cautelares para evitar danos graves e precisa que, con carácter xeral, se adoptarán trala audiencia da persoa interesada por un prazo de cinco días, agás nos casos que esixan unha actuación inmediata.

Adoptarase como criterio xeral que as medidas cautelares de peche se adopten trala audiencia das persoas interesadas ás

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

que se lles concederá un prazo de cinco días hábiles para alegacións, período no que ademais terán a oportunidade de emendar ou corrixir as causas que dan lugar á iniciación do procedemento no que se pode adoptar a medida cautelar.

Non será aplicable ese criterio xeral nos casos de establecementos ou actividades sen licenza ou título habilitante e cando concurran motivos de urxencia ou gravidade que razoablemente conleven a necesidade de adoptar a medida cautelar sen demoras.

Cando se careza de licenza ou título habilitante, se o establecemento ou actividade depende dunha comunicación previa, a presentación desta última lexitimará a apertura baixo responsabilidade do seu promotor e sen prexuízo da posterior inspección municipal.

Por outra parte, o Concello daralles prioridade na tramitación e inspección aos establecementos e actividades con relacións aos que se poida presumir razoablemente que están en situación de risco de peche ou doutra medida coercitiva gravosa. Esa prioridade ten por finalidade facilitar que se solucione a problemática que suscitan, de xeito que se poida resolver sobre a reapertura ou levantamento da medida cautelar no prazo máis curto posible.

2. Sobre a iniciación de procedementos sancionadores

O criterio xeral de actuación será o de procurar a resolución dos problemas que susciten os establecementos ou actividades a través e no marco de expedientes de reposición da legalidade urbanística, dándolles prioridade a estes sobre os procedementos de carácter sancionador. Noutras palabras, priorízase a legalización dos establecementos e das actividades fronte á sanción.

Iso significará que só se tramitarán procedementos sancionadores cando non sexa posible resolver as anomalías ou irregularidades detectadas no seo dun expediente de reposición

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

da legalidade ou cando o titular do establecemento incurra en reiteración ou persista en condutas ilegais a pesares das advertencias municipais, ou cando non restaure a legalidade alterada no expediente que se lle tramitou para ese efecto.

3. Sobre a tipificación de infraccións e determinación de sancións

A contía das multas que prevé a LECG é, polo xeral, considerable. Posiblemente esa circunstancia derive da despenalización de determinadas condutas que anteriormente estaban tipificadas como faltas no Código penal e que pasaron á condición de infraccións administrativas. Ademais os abanos das contías dalgunhas sancións económicas son moi amplos (de ata 570.000 €).

O feito de que esa lei fixe como un dos criterios determinantes para clasificar unha infracción como moi grave ou grave a concorrencia ou non de "un risco grave para as persoas ou os bens" (artigo 52.1, 3, 5 e 6 da LECG) suscita unha problemática singular. Estamos perante un concepto xurídico indeterminado cuxa concorrencia se debe analizar con rigor en cada caso pola relevancia da distinta clasificación da infracción para os efectos sancionadores (faltas moi graves, multa de 30.050,62 € a 601.012,21 € e clausura de local, suspensión da actividade ou retirada da autorización ata 3 anos; e falta graves, multa de 300,52 € a 30.050,61 €, e clausura de local, suspensión da actividade ou retirada da autorización ata 1 ano).

A utilización dun concepto xurídico indeterminado, como sinalou o Tribunal Constitucional (véxase por todas, STS 69/1989, do 20 de abril), non vulnera o principio de tipicidade aínda que introduce unha certa marxe de indeterminación na descrición da infracción administrativa. En concreto, di aquela sentenza:

"Non vulnera a esixencia da lex certa que incorpora o artigo 25.1 da CE a regulación deses supostos ilícitos mediante

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

conceptos xurídicos indeterminados, sempre que a súa concreción sexa razoablemente factible en virtude de criterios lóxicos, técnicos ou de experiencia e permitan prever, por conseguinte, con suficiente seguridade, a natureza e as características esenciais das condutas da infracción tipificada...".

Pero para cualificar un risco desde o punto de vista da súa gravidade, cómpre avaliar conxuntamente a probabilidade de que se produza o dano e maila súa severidade, noutras palabras, é preciso concluír racional e motivadamente que é probable que se chegue a materializar e que sería grave para a integridade das persoas ou dos bens. Como se pode observar trátase dun concepto legal cuxa delimitación permite unha marxe de apreciación por parte da Administración sancionadora, que necesariamente haberá de colaborar na precisión do tipo con suxeición aos criterios interpretativos enunciados na citada STC 69/1989 (criterios lóxicos, técnicos ou de experiencia).

Así e todo, ao se tratar de conceptos xurídicos indeterminados, a distinción entre o risco grave e o risco ordinario que conleva calquera infracción administrativa é na práctica unha cuestión dificultosa polo que:

- a) Débense avaliar todas as circunstancias concorrentes no caso concreto (STS do 27 de febreiro de 1998).
- b) Esas circunstancias que se terán en conta para subsumir os feitos no tipo infractor deberán estar descritas nas actas de infracción ou xustificadas a través das probas practicadas no procedemento.
- c) E esas circunstancias débense avaliar con suxeición a criterios lóxicos, técnicos e de experiencia (STS do 12 de novembro de 2001).

Finalmente, convén recordar que o proceso valorativo que conleva a aplicación do concepto "risco grave para as persoas ou os bens" débese expresar a través dunha motivación (artigo 35.1.h da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público, Lei 39/2015, do 1º de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -en diante, LPAC) que será clara, precisa e suficiente.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

No tocante á determinación da sanción de multa, a LECG (artigo 59) refírese a circunstancias como a transcendencia social da infracción, a negligencia ou intencionalidad do infractor, a natureza e magnitude dos danos e perdas ocasionados, a reiteración ou reincidencia, e a situación de predominio e conduta do responsable, circunstancias que coinciden substancialmente coas enumeradas polo artigo 29 da LPAC.

Por outra parte, os artigos 25 a 31 da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público, regulan os principios específicos aos que se debe suxeitar o exercicio da potestade sancionadora por parte das administracións públicas, entre eles, especificamente, o de proporcionalidade (artigo 29) na súa tripla consideración de idoneidade, necesidade e adecuación á gravidade do feito. A adecuación á gravidade do feito (proporcionalidade en sentido estrito) incúmbelle esencialmente á Administración que impón a sanción. Neste ámbito, o ordenamento xurídico establece dúas regras importantes:

- a) que a imposición de sancións non pode resultar máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas; e
- b) que cando o xustifique a adecuación entre a sanción que se deba aplicar coa gravidade do feito constitutivo da infracción e as circunstancias concorrentes, o órgano competente para resolver poderá impoñer a sanción no grao inferior.

En resumo, o Concello ponderará en cada caso e motivadamente, no exercicio da súa potestade sancionadora, o principio de proporcionalidade na elección da sanción ou sancións e na determinación da contía das multas no marco sinalado pola lei e con suxeición aos límites e regras anteditas.

En concreto, convén recordar que a doutrina xurisprudencial (véxase por todas a sentenza do TSJ de Madrid do 9 de xuño de 2010) esixe unha motivación

"...adaptada ás circunstancias particulares do caso, que é a motivación esixida no control xudicial do cumprimento do principio en exercicio da potestade sancionadora, de xeito que

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

se o leixslador establece un conxunto de criterios ou parámetros no proceso de individualización para os efectos de xustificar a adecuación entre gravidade do feito constitutivo e a sanción aplicada, iso require da administración actuante o necesario esforzo explicativo, non de forma xenérica ou abstracta, a xeito de fórmula de estilo, senón en relación ás circunstancias do caso concreto... Debe insistirse en que a obrigação de motivación en materia sancionadora no é algo meramente formal, senón que entronca directamente co exercicio do dereito de defensa de quen, para os efectos do seu exercicio en vía de recurso administrativo o en vía xudicial, ten dereito a coñecer as razóns polas que se lle impuxo unha determinada multa nunha determinada contía e os criterios nos que se baseou para iso a administración."

Neste contexto, considérase conveniente fixar uns criterios xerais e flexibles de determinación das contías das multas aplicables en materia de establecementos públicos e actividades de lecer, tomando como base o principio expresado na STS do 20 de decembro de 1989 de que

"Non parece aceptable, en canto ao rigor da predeterminación, que se poidan realizar concrecións para outorgarlle á Administración marxes de arbitrio superiores aos que se lles conceden aos órganos xudiciais, cando unha e os outros exercen unha función punitiva."

Con esa finalidade, o abano da contía das multas previstas pola normativa dividirse en tres tercios (por exemplo, a multa e 300 a 30.000 € do artigo 58.2.a da LECG: a) o primeiro tercio, de 300 a 10.200 €; b) o segundo tercio, de 10.201 a 20.100 €; e c) o terceiro tercio, de 20.101 a 30.000 €) e, como norma xeral aplicarase a multa dentro do tercio máis baixo sempre que cando os criterios que enumeran os artigos 59 da LECG e 29 da LRSP (a grave trascendencia social da infracción, a grave negligencia ou intencionalidade do infractor, a natureza grave ou a contía dos danos e perdas ocasionados, a reiteración ou reincidencia, a situación de predominio ou a conduta do infractor) non aconsellen motivadamente elevar a contía a calquera dos dous tercios superiores.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I00T	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 03-01-17 08:42

Cando a norma aplicable non prevé un mínimo para as multas (por exemplo, a ordenanza reguladora de terrazas e quioscos), tamén se aplicará a anterior regra xeral -multa dentro do tercio máis baixo- coa precisión de que se procurará gardar a coherencia entre a gravidade da infracción e da sanción para evitar que infraccións graves ou moi graves se sancionen con multas máis reducidas que as corresponderían a infraccións leves.

A potestade prevista no artigo 29.4 da LRSP de impoñer a sanción no grao inferior só se exercerá, con carácter excepcional, cando estea notoriamente xustificada para adecuar a sanción á entidade do feito constitutivo da infracción e a unhas singulares circunstancias concorrentes. Para estes efectos enténdese por sanción no grao inferior, a correspondente á infracción inmediata máis leve no seu tercio superior.

Por outro lado, no caso das infraccións graves, como regra xeral, non se aplicarán simultaneamente as sancións de multa e peche do establecemento que prevé o artigo 58 da LECG a non ser quen concurran especiais circunstancias que razoablemente aconsellen a imposición do peche, o que se motivaría especificamente.

E, finalmente, cando se estea a tramitar unha autorización de ocupación da vía pública para a instalación de terrazas, non se iniciará expediente administrativo sancionador mentres non se resolva sobre a autorización solicitada e só no caso de denegación desta última.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO**

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández